


CONCERTO

música99

Colabora:
Parroquia de Ribadeo



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
DELEGACIÓN DE CULTURA

CONCERTO

Banda da Escola Municipal de Música


Joaquín Rodrigo

de Aranjuez (Madrid)

Banda Municipal

de Ribadeo


música99



66

DESENTO: fillo

10 de Abril, ás 9 da noite
na Igrexa Parroquial



Colabora: Parroquia de Ribadeo

EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
DELEGACIÓN DE CULTURA

BANDA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "JOAQUÍN RODRIGO"

A Banda da Escola Municipal de Música "Joaquín Rodrigo" surxe no centro de formación musical que leva o mesmo nome, realizando a súa presentación pública en 1986 dentro dos actos celebrados en Aranjuez con motivo da homenaxe que se rinde ó Maestro Rodrigo, sendo a súa plantilla actual de 55 compónentes.

A actividade principal da agrupación desenvolviuse en Aranjuez, onde presenta o seu traballo mediante os Concertos de Primavera, Santa Cecilia e Ano Novo.

Das actuacións fora de Aranjuez, podemos destacar os concertos ofrecidos en Centros Culturais de Madrid (Antonio Camacho, Puerta de Toledo, ...), a participación na clausura das Paraolímpiadas do '92, os dous Concertos realizados no Pavillón da Comunidade de Madrid na Expo '92, representación de Aranjuez en Fitur, o Concerto celebrado en Cuenca con motivo do 50 Aniversario do Desfile Procesional e as actuacións dentro do Intercambio Cultural entre as localidades de Aranjuez e Lc Pccq-sur-Seine (Francia).

Entre as suas actividades más recentes podemos reseñar, a colaboración e participación en varios actos celebrados con motivo da conmemoración da creación en 1898 da primeira Banda Municipal de Aranjuez, a actuación co cantante Francisco e o encontro internacional de Bandas protagonizado xunto á Banda de Yanagawa de Xapón no Centro Cultural Isabel de Farnesio.

Outras actividades destacables son as Grabacións realizadas para RNE, Radio 2 e para TVE.

Como recoñecemento ó traballo desempeñado ó largo destos anos, podemos destacar o Premio César á Iniciativa Cultural na súa 3ª Edición e o Premio na 2ª Sección do Certame de Bandas celebrado en Leganés en 1991.

Fernando Rico Villalba

Animado por un ambiente familiar moi musical, inicia os seus estudos musicais na Escola Municipal de Música "Pablo Casals" de Leganes e mais tarde continua no Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Asiste regularmente a cursos de especialización e perfeccionamento impartidos por prestixiosos maestros como Miguel A. Gómez Martínez, en Dirección de Orquesta, Carles Rivera, Ernesto Molinari, Máximo Muñoz, Walter Boeykens en Clarinete e Jacinto Torres en Documentación Musical, Metodoloxía e Heurística.

Dende 1986 é profesor de Clarinete e Director da Banda de Escola Municipal de Música de Aranjuez, agrupación coa que realizou catro grabacións para a Radio Nacional, dúas actuacións en TVÉ e conseguiu o 1º premio da 2ª sección no certame de Leganés e o Premio César á Iniciativa Cultural.

PROGRAMA

-*Suspiros de España*. A. Álvarez

-*Alma de Dios*. J. Serrano

-*Preludio de la Traviata*. G. Verdi

-*Pompa y Circunstancia nº 4*. E. Elgar

-*A Staffordshire Festival Overture*. S. Johnson

-*Nabuco (Obertura)*. G. Verdi

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

As principais cidades e vilas de Galiza e de Astúrias, e Madrid, Barcelona, Múrcia e Portugal (Loures, Lisboa, Tomar), viron e escoitaron á Banda Municipal de Ribadeo nos seus sete primeiros anos de vida concertística. Neste aínda curto período, a Municipal Ribadense pasou dunha formación inicial de coarenta compónentes ao actual plantel de Banda Sinfónica, con mais de oitenta xóvenes músicos amaters. Mesmo gravou xa o seu primeiro CD, e proxecta unha segunda entrega discográfica.

A visita que nesta ocasión realiza a Ribadeo a Banda da Escola Municipal de Música Joaquín Rodrigo de Aranjuez corresponderá a Banda Municipal de Ribadeo a vindeira fin de semana, viaxando á localidade madrileña do pazo real e dos imensos xardíns para ofrecer un outro concerto, tamén compartido coa agrupación que hoxe recibemos, mercede á iniciativa das Delegacións Municipais de Cultura de ambos os dous concellos.

Dirixe a Banda Municipal de Ribadeo o profesor Hernán Naval (Viveiro, 1962), Director tamén da Escola Municipal de Música, centro con douscentos alumnos de todas as especialidades instrumentais que é o cerne da formación permanente dos integrantes da Banda Municipal. Hernán Naval ven de ser nomeado Vice-presidente da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música.

PROGRAMA

-*El Camino Real*. Alfred Reed

-*Oregón*. Jacob de Haan

música99
música99
música99
música99